

A Ascensión: a feira que trouxo a festa.

Desde hai séculos, a Ascensión é un día grande en Santiago; é xornada de feira e, ultimamente, tamén de festa. Trátase dun evento moi tradicional, que as xentes de Santiago asocian coa primavera, con paseos e bailes na Alameda e Santa Susana, con barracas e coa feira. Malia que na actualidade se desenvolve, ante todo, coma unha celebración festiva, en orixe naceu coma unha importante feira. Este mercado de gando, sobre todo cabalar, duraba dous días e atraía milleiros de persoas, non só da contorna senón tamén de comarcas máis afastadas; as xentes acudían a comprar e a vender e a cidade enchíase daquela cun enorme balbordo de persoas, animais e mercadorías.

A carballeira e o campo de Santa Susana acollían a feira e as rúas da cidade eran o escenario dos actos festivos que pouco se foron desenvolvendo en paralelo á actividade mercantil. Con todo, a Feira da Ascensión non comezou a ser a Festa que hoxe coñecemos ata a década de 1950, cando os cambios no sector gandeiro supuxeron o esmorecemento das grandes feiras anuais.

Ata entón, as feiras compostelás —a Ascensión e o Apóstolo— eran un referente no panorama galego e convocaban a centos de gandeiros e tratantes. Viñan de Castela e Portugal a comprar, sobre todo bestas, pero tamén aquelas vacas e bois cebóns de tanta sona; da contorna e de toda a Terra de Santiago chegaban os labregos cos seus animais, os pequenos tratantes, as mulleres co produto das súas hortas, co pan ou cos panos tecidos con tanto esmero. En conxunto, entre todos dábanlle á cidade unha cor e unha alegría moi singulares.

As crónicas falan, sobre todo, da ledicia que reinaba na cidade —en especial cando o bo tempo acompañaba—; das moreas de visitantes que animaban unha Compostela máis ben tranquila; da cidade temporal que feirantes e tratantes armaban en Santa Susana; do estudantado, que daba o punto divertido aos bailes das sociedades, e da mocidade que, coas súas mellores galas, rexuvenecía un ambiente cheo de música, comida, etc. A feira

constituía, xa que logo, unha auténtica romaría pero sen santuario (de feito na Ascensión, as funcións relixiosas son moi secundarias).

O ambiente da feira notábase na cidade desde días antes, pois o comercio engalanábase e comezaban a anunciarse as vendas especiais, as funcións relixiosas e as actividades festivas, sobre todo os bailes. Na véspera recuas de animais percorrían a cidade, os feirantes armaban os seus *vivacs* na Carballeira e empezaban a traballar os postos de comida. Esa tarde-noite era o punto de partida do evento pois veciñanza e visitantes achegábanse a curiosear e, sobre todo, a probar os churros, as rosquillas con rosolí e as lambetadas que vendían os postos. De feito, houbo un tempo en que esa xornada era alcumada “a proba dos churros”; tratábase dun evento tan popular, que mesmo chegou a celebrarse un concurso non só para optar aos churros máis ricos senón tamén aos postos mellor arranxados. Ademais, a música, o baile e o alumeado especial na Alameda completaban o ambiente festeiro.

O día grande tamén tiña o seu sobrenome gastronómico, “a proba do polbo”, pois era o momento de acudir á carballeira e campo de Santa Susana, de visitar os postos, de botar un ollo ao gando e, entre unha cousa e outra, de parar nos postos de polbo e comida. A feira de gando remataba contra o mediodía e logo desenvolvíase xa a festa con comercios engalanados, todo tipo de espectáculos, concertos, bailes organizados pola mocidade ou por entidades coma o Casino, etc.

Hoxe en día imponse a festa, malia que a vella feira conserva o seu sabor nas barracas e postos aínda presentes na Alameda e Santa Susana ou no recinto feiral de Amio. Alí o vello mercado resucita por un día coa feira cabalar, acompañada con concurso e exhibicións nun ambiente no que, como antes, os tratantes se mesturan coa veciñanza e visitantes que acoden a visitar os postos ou probar o polbo. Ese é o espírito verdadeiro da xornada da Ascensión.